



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua Galega e Sociedade		Código	613G02025
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Peres Vigo, Alexandre	Correo electrónico	alexandre.pvigo@udc.es	
Profesorado	Peres Vigo, Alexandre	Correo electrónico	alexandre.pvigo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística	A1	B7	C6
	A9		
	A25		
	A27		



Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11 A14	B1 B6 B9	C7
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14	B7	C8
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.	A15 A19 A23 A27	B8	C4
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.	A2 A23	B3	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á sociolingüística	1.1. Lingua e sociedade 1.2. A sociolingüística e a socioloxía da lingua 1.3. A sociolingüística sobre o galego
2. A diversidade lingüística	2.1. As linguas no mundo 2.2. As comunidades lingüísticas 2.3. O contacto de linguas 2.4. As variedades lingüísticas
3. O contacto de linguas na Galiza	3.1. A introdución do castelán na Galiza 3.2. A xénese do conflito lingüístico e a súa evolución histórica 3.3. O proceso de erosión interna da lingua galega
4. As categorías sociolingüísticas básicas e a súa aplicación ao galego	4.1. Monolingüismo e plurilingüismo 4.2. Bilingüismo e diglosia 4.3. A asimilación lingüística
5. A situación actual da lingua galega	5.1. O galego, lingua ameazada 5.2. Distribución sociodemográfica e sectorial da lingua galega 5.3. Lingua e identidade
6. Os discursos sobre a lingua na Galiza	6.1. Actitudes e ideoloxías lingüísticas presentes na sociedade galega 6.2. Os preconceptos lingüísticos no mundo 6.3. Os preconceptos a respecto do galego
7. Perspectivas de futuro para a lingua galega	7.1. Imperialismo lingüístico ou ecolingüismo 7.2. A normalización lingüística 7.3. Reintegracionismo, sesquilingüismo e outras alternativas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B6 B7 B9 C4 C6	19	33	52
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	4	10	14
Presentación oral	A1 A9 A11 A14 A15 A25 B1 B3 B6 B7 B8	2	6	8



Lecturas	A2 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C8	2	30	32
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7	2	8	10
Sesión maxistral	A1 A11 A14 A15 A19 A23 A25 B1 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	21	12	33
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Lecturas Sesión maxistral Obradoiro Traballos tutelados Proba mixta	Alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 A9 A11 A14 A15 A25 B1 B3 B6 B7 B8	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Lecturas	A2 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C8	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor. Serán avaliadas tanto nas actividades do Obradoiro como na proba mixta.	10



Obradoiro	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B6 B7 B9 C4 C6	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistrais (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	10
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).	20
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, as lecturas, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.	50

Observacións avaliación



1. Observacións xerais

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. A entrega de actividades fóra de prazo será penalizado na cualificación.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados á ferramenta para a detección de plaxio Turnitin. Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas de outros autores sen indicar a procedencia, copiar traballos, copiar en exames, ou outras formas) penalizarase de acordo co establecido na normativa académica

2. Requisitos para superar a materia

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta deberá obter como mínimo 4 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.

3. Oportunidade de xullo

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior, só que o "Traballo tutelado" pasará a ser puntuado con 3 valores, absorvendo así o "Obradoiro".

O "Traballo tutelado" será entregue na data oficial do exame. No caso da "Presentación oral", marcarase un día para a súa realización.

4. Convocatoria adiantada de decembro

Consistirá na realización dunha proba escrita (60% da cualificación) e na entrega, o día da proba, dun traballo tutelado previamente fixado polo profesor (40%).

5. Non presentado/a

Será considerado NON PRESENTADO/A o/a estudante quen non se presente á proba mixta.

6. Dispensa académica e matrícula parcial

As persoas que teñan dispensa académica terán condicións especiais de avaliación:

- Proba mixta (50%)- Lecturas (10%)- Traballo tutelado (30%)- Presentación oral (10%).

Para concretar as características das actividades, o/a estudante deberá pórse en contacto co profesor antes do día 15 de febreiro.

7. Alumnado con incompatibilidade por razóns horarias ou laborais

O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas e o alumnado que tiver horario laboral incompatíbel co seguimento da materia mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica deberá comunicalo ao profesor a través dun correo electrónico antes do 15 de febreiro. Após as pertinentes comprobacións, o profesor confirmará se as condicións de avaliación serán equivalentes aos casos da dispensa académica.

8. Apoio á diversidade

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC ou no centro nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado> ou coa titora ADI da Facultade de Filoloxía a través do correo electrónico pat.filoloxia@udc.gal).

todas as

actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante estudantado. Se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatíbel co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.

4. Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior, só que o "Traballo tutelado" pasará a ser puntuado con 3 valores, absorvendo así o "Obradoiro". Antes da data oficial do exame ten de ser entregue o "Traballo tutelado". No caso da "Presentación oral", marcarase un día para a súa realización. De haber convocatoria adiantada de decembro, serán aplicados idénticos principios de avaliación que na oportunidade de xullo.



5. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando se der algún dos seguintes supostos: a) o alumno ou a alumna non realizou a "Proba mixta"; b) a alumna ou o alumno non entregou nin realizou ningunha das actividades previstas ("Traballo tutelado", "Presentación oral"); c) o alumno ou a alumna non fixo nin a "Proba mixta" nin realizou ningunha das actividades programadas ("Traballo tutelado" e "Presentación oral").



Fontes de información

Bibliografía básica	- Freitas Juvino, M. P. (2008). A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza. Vigo. Xerais - Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela, Laiovento - Garcia Negro, M. P. (2000). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra. Edicións do Cumio - Garcia Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento - García Negro, M. P. (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Santiago de Compostela, Laiovento - González González, M. (dir.) (2003). O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas. A Coruña. Real Academia Galega - González González, M. (dir.) (2007). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega - González González, M. (dir.) (2008). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingüísticos en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega - Moreno Cabrera, J. C. (2015). Los dominios del español. Guía del imperialismo lingüístico panhispánico. Madrid: Síntesis - Ninyoles, R. L. (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela. Laiovento - Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo. Galaxia - Phillipson, R. (1992). Linguistic Imperialism. Oxford. Oxford University Press - Rei-Doval, G. (2007). A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística. Vigo. Xerais - Rodríguez Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Radiografía de umha regeneraçom inconclusa. Santiago de Compostela. Laiovento - Callón Torres, C. (2022). O libro negro da lingua galega. Vigo: Xerais - Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela. Laiovento - Freixeiro Mato, X. R. (2006). Lingua, nación e identidade. Santiago de Compostela: Laiovento - Freixeiro Mato, X. R. (2020). Idioma e sociedade: Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago de Compostela: Laiovento - Mariño Paz, R. & Varela Barreiro, X. (eds.) (2016). A lingua galega no solpor medieval. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Rodríguez Carnota, M. (2022). Lingua, poder, adolescencia. Vigo: Xerais - Rodríguez Sánchez, F. (1998). Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza. Santiago de Compostela: Laiovento O profesor fornecerá nas aulas unha bibliografía básica e complementar máis ampla e por temas.
Bibliografía complementaria	- Calvet, J. L. (2004). Por unha ecoloxía das linguas no mundo. Santiago de Compostela: Laiovento - Costas, X. H. (2002). Guía das linguas de Europa. Santiago de Compostela: Positivas - Crystal, D. (2003). A morte das linguas. Vigo: Galaxia - Edwards, J. (1994). Multilingualism. London: Penguin Books - Iglesias Álvarez, A. (2003). Falar galego: "No veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais - Moreno Cabrera, J. C. (2000). La dignidad y la igualdad de las lenguas. Madrid: Alianza - Moure, T. (2005). Outro idioma é posible. Vigo: Galaxia - Moure, T. (2011). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: UDC - Nettle, D. / Romaine, S. (2000). Vanishing voices. The extinction of the world's languages. Oxford: University Press - Rodríguez, F. (2016). Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza. Ames: Laiovento - Tuson, J. (1990). Mal de linguas. Arredor dos prexuízos lingüísticos. Vigo: Xerais

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías